

PLAN DE CONTINXENCIA DO CPR  
PLURILINGÜE EL CASTRO PARA O  
CURSO 2021-2022



**“PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”**

O Plan de Continxencia do CPR PLURILINGÜE EL CASTRO ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula/etapa educativa/centro.

**EQUIPO COVID**

<b>Apelidos, Nome</b>	<b>Tarefas</b>
<b>Fornos Montenegro, Ana Patricia</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coordinadora COVID</li><li>• Interlocutora coa Administración Educativa e Sanitaria</li></ul>
<b>Bouzó Fernández, María R.</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Comunicadora do Plan á Comunidade Educativa</li></ul>
<b>Álvarez Núñez, Estanislao</b> <b>Suplente: David Morales Vidal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Interlocutor co Centro de Atención Primaria de referencia</li><li>• Interlocutor coas familias afectadas por un posible caso de COVID</li></ul>

**ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO**

- 1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles as que así lle lo indique a CSC de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia ( <http://coronavirus.sergas.gal>).
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
  - a) O/A profesor/a avisará inmediatamente aos membros do equipo COVID.
  - b) Este ou un profesor dispoñible acudirá inmediatamente e acompañará ao alumno ao CUARTO DE ILLAMENTO. Utilizarase como tal o despacho situado na planta inferior do edificio. Este espazo estará claramente sinalizado como tal. Recordarase a súa localización nos carteis informativos sobre “*como actuar ante un caso COVID-19*” situado en cada unha das aulas.

No espazo de illamento incluíranse os seguintes elementos de protección e advertencia:

    - Máscaras cirúrxicas de reposto.
    - Xel hidroalcohólico.
    - Copia ven visible do protocolo a seguir, reflectida no ANEXO I deste documento.
    - Listado dos alumnos e os teléfonos de contacto necesarios coas súas familias.



- Panos desbotables
  - Papeleira con pedal
- c) Colocarase, se non a ten xa, MÁSCARA CIRÚRXICA ao alumno e ao profesor que quede ao seu coidado) seguindo o protocolo de hixiene establecido.
- d) Contactarase coa FAMILIA ou persoa de referencia e explicarase a situación. A familia deberá presentarse no centro a maior brevidade posible para levalo ao seu domicilio. A continuación, poñerase en contacto telefónico co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa, Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- e) Informarase ao titor do alumno para que teña coñecemento do ocorrido, a través do teléfono ou servizo de mensaxería instantánea (WhatsApp).
- f) O/A traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo deberá porse en contacto coa CSC e rexistrar os contactos estreitos a través da aplicación "EduCovid".
- g) No suposto da aparición dun caso confirmado de coronavirus no centro tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 (Patricia Fornos) contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade (Tfno: 986 885 860 O e-mail: xefatura.territorial.pontevedra@sergas.es) para comunicarllo, e facilitaralle o listado de contactos do alumno, profesor ou persoal do centro para que procedan ao estudio de contactos mediante a aplicación EDU-COVID. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.
- h) Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto



da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo

- i) A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- j) A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia , cos seguintes supostos:
  - Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de sanidade, segundo os protocolos vixentes en cada momento.
  - Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da Central de Seguimento de Contactos para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-1 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal> ) .
  - En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
- k) A aparición dun caso sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria .
- l) A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.



- m) Finalizado o período de illamento/corentena das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.



## ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.** O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. **Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.**
2. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas** que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - a) Tanto o profesorado como o alumnado xa está familiarizado coas plataformas dixitais usadas polo centro dende o confinamento.
  - b) Todo o profesorado comunicarase coas familias a través da plataforma Abalar. O traballo e clases telemáticas serán impartidas mediante a plataforma Google Suite.
  - c) Calquera comunicación dos titores coas familias levarase a cabo mediante Abalar, correo electrónico ou a plataforma GSuite, (por videoconferencia)
  - d) A comunicación entre o profesorado será a través de G. Meet (videoconferencias do Gsuite).
  - e) As comunicacións administrativas, avisos puntuais, circulares, matrículas, resgardos..., e calquera tipo de documentación ás familias serán colgados na páxina web do centro e enviados dende o correo da secretaría.



## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

5. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro **realizarase un proceso de reactivación por fases** para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. **O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.** Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade, o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: (por determinar) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

#### Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Revisión do estado da sinalética, cartelería e da posible reposición do material de hixiene e prevención (xeles, xabóns, panos, máscaras...).
- Comprobar o estado de aseos, clases e zonas comúns.

### Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 %.

#### Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara de hixiene de mans.
- Lembrar a toda a Comunidade Educativa , familias , alumnado e profesorado, a importancia dos hábitos de Saúde en relación coa prevención do Covid19, reflectidos no Protocolo e no Plan de Adaptación e Continxencia.
- Retomar e reforzar os hábitos da hixiene de mans, distanciamento físico de seguridade no alumnado, dentro e fora do aula.

### Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: (por determinar)



A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 75 %.

Obxectivos:

- Visualización de vídeos titoriais onde expliquen o correcto lavado de mans, a correcta colocación da máscara, etc.
- Entrevistas o conferencias de profesionais sanitarios na rede, proxectadas na aula, que expliquen a súa experiencia e aconsellen como evitar contaxios.
- Reforzo das medidas e hábitos aprendidos evitando a relaxación tanto dentro como fóra da aula.

Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (por determinar)

Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos: (por determinar)

- Aportar e compartir as experiencias propias vividas para establecer un plan de acollida no conxunto do grupo.
- Facer actividades de reforzo e repaso para comezar a nova normalidade do grupo no aspecto académico.



**ANEXO:****MENSAXE A ENVIAR MEDIANTE ABALAR AS FAMILIAS DUN ALUMNO/A CON SOSPEITA DE PADECER COVID-19.**D./D<sup>a</sup>: .....(pais/titores legais)

Como xa sabedes, hoxe, durante a clase/recreo, o alumno/a: ..... presentou os seguintes síntomas compatibles coa COVID-19:

REXISTRO DE SÍNTOMAS		SI	NON
<b>Síntomas respiratorios</b>	Febre maior a 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
<b>Outros síntomas</b>	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Informámosvos tamén de que as instrucións polas que se incorporan á declaración de actuacións coordinadas en materia de Saúde Pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G. nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (versión 31-08-2020), emitido conxuntamente pola Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional indica no seu punto 7.4 o seguinte:

**“7.4 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.”**

No mesmo protocolo no seu punto 7.1 advirten de:

**“NON ASISTIRÁN AO CENTRO aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.”**

Un saúdo atento.

O titor/a:

Asdo: .....